



Benvidos e benvidas á revolución da tenrura

(2014 é un bo momento)

A foto que fala

2014: o calendario vai para diante e a realidade para atrás (lei do aborto, reválidas no ensino, Interior compra un camión anti disturbios de auga a presión...). [Foto: A policía reprime con auga unha manifestación estudantil no ano 1987]



O trasno A manivela

Daniel López Muñoz



No medio desta “crise catalá”, dicía Junqueras, con habilidade e ironía, que estaban moi agradecidos ao goberno de Rajoy porque a súa actitude está sendo una auténtica fábrica de independentistas. E disque producen a eito.

A situación actual non é froito da casualidade. Unha situación na que unha parte da poboación catalá -a piques de chegar a maioritaria- aspira a romper co Estado Español. A fortaleza e orgullo dunha identidade diferente pode ter diversos encaixes

dentro dun estado plurinacional, e dentro dunha Europa dos pobos. Habería que poñerse mans á obra. Pero o partido gobernante, e xa desde que estaba na oposición, ten unha idea monolítica de España, a inmorredoi-ra patria única, a nación máis vella de Europa, españolizadora de Indias e de indios periféricos. E asumiu a responsabilidade -é un dicir, pura retórica-, de dinamitar o novo Estatuto de Cataluña, e obter unha vitoria pírrica, diante do seu electorado máis cavernoso. Agora teñen que xestionar o desastre que crearon facendo o que moitos desaconsellaban.

Os procesos históricos son lentos, pero pesados; teñen inercia. Resulta un tanto patético ver a Rajoy agora dicíndolle aos cataláns que son moi queridos na meseta. Case tanto como aquilo de Aznar, proclamando que falaba catalán na intimidade. Debía ser unha intimidade divertidísima, el, co seu talante multicultural, falando dos goles do Madrid en catalán e ela, coa súa visión estratéxica, respon-

dendo en inglés sobre o relaxante efecto de diversas infusións, con ou sen leite. E o servizo fartiño de limpar tanta caspa.

Xa non coa. Levan anos encirrando no persoal para exacerbar a españolísima uniformidade. Unha nación, unha lingua, unha relixión. Por iso Rouco e a súa extinta conferencia episcopal tamén sacaron do armario o da Santa Historia de España, pouco menos que proclamando que a unidade inquebrantable da patria única era un ben sagrado. Desbarre pseudo-teolóxico: *Isabel y Fernando el espíritu impera*.

Está todo vivo. Exemplos a moreas. Un ministerio denega bolsas de investigación porque o certificado de estudos non está en español nin en inglés (toma!), senón en galego. Foi o mes pasado. E quedan tan panchos, felices, con ese sorriso wertiano, dándolle a manivela da máquina de fabricar independentistas.

En fin, feliz Nadal diverso, onde o pequeno é o realmente fermoso!

Editorial Auxe e caída dunha caixa de aforros

estratexicamente, a marca
Galicia nunca desaparecerá do
seu nome

O inusitado optimismo que arrastra a compra venezolana de Nova Galicia Banco é unha síntoma evidente da desesperación que cundiu no noso sistema financeiro nos últimos anos. Se hai cinco anos anunciásemos que alguén se faría coa máis potente rede de oficinas galegas só por mil millóns de euros (e ao final será moito menos), non o creíamos. Se ademais dixesemos que previamente se gastaron nove mil millóns de euros públicos a fondo perdido para rescatalo, realmente acusariámolo de demente.

Porque demencial foi o proceso no que se envorcaron as ducias de miopes directivos que xestionaron imprudentemente os nosos aforros consumando a grandísima estafa que foi o mercado das preferentes e subordinadas no noso país.

Tampouco recibiron gran axuda por parte duns grupos políticos que pensaron que unir as caixas galegas era unha boa idea, desoíndo

os avisos que alertaban que a unión non sempre fai a forza.

Reclamar a galeguidade tampouco pode ser un criterio suficiente para explicar o funcionamento dun banco. Foi unha forma errada de galeguidade a que enterrou as nosas caixas de aforro sen que ningún dos espedidos políticos que estaban no seus consellos de administración soubese ou quixese saber en que se estaban convertendo.

Dicir que a nosa avaricia botou a perder as caixas é falsear a realidade. É evidente que todo o mundo busca a máxima rendibilidade para os seus aforros (dentro duns límites de seguridade). Pero que os seus gardiáns fosen incapaces (uns por capacidade e outros por vontade) de

Continúa na páxina 6

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Que vas facer para que o ano 2014 sexa extraordinario? Xa fixeches o propósito? Todos, cando comezamos un período de tempo, facemos un propósito. Están os tópicos e típicos: darlle ao inglés a ver se o damos aprendido; facer máis deporte; adelgazar; estar máis tempo coa familia; ler máis... Todos están ben e todos pagan a pena. Pero por que non fas algo para os demais? Que che parece algo voluntario?

Por exemplo, no meu centro hai un pequeniño grupo de rapazas moi xeitosas que colaboran con Amnistía Internacional e colaboran nas súas campañas. O outro día entraron na

miña aula e comezaron a invitar aos compañeiros/as a mandar postais para denunciar inxustizas. Xa teño as miñas. Agora hai que mandalas. Xa teño propósito para o comezo de ano. Non preciso grandes esforzos e non preciso moito tempo. Anímaste ti a facer algo polo estilo?

Por iso che desexo un ano ventureiro, cheo de cousas boas para ti e, sobre todo, que poñas algo de ti para facer do mundo que te rodea algo mellor. Os telexornais van seguir dicindo todo o malo do mundo, pero ti podes comezar a berrar baixiño. Son os rumores de esperanza.

1



3



2



4



A peneira

1

No Nadal, bacallau e coliflor. Coa pesca rizada que conta *Follas do BACALLAU* de Xabier Paz vemos noites polares, 20° baixo cero e ondas de 9 m. A Asociación de Bacallaeiros pesca 10.000 toneladas por ano. 57 barcos galegos abandonaron o Gran Sol en 5 anos.

2

O nadal de **BUDA** foi tres séculos antes, no VI a.C. Sabémolo polos achados no templo de Lumbini-Nepal, onde aconteceu o nacemento. As escavacións descubriron unha estrutura de madeira baixo unha serie de templos de ladrillo. Coñeciamos pouco, só por tradición oral. Na foto a estatua máis alta de Sri Lanka

3

A Lugo acáelle **PERÚ**, onde Veterinaria elimina andazos que matan o gando nos Andes e monta a aula para transformar o leite en derivados. Ata os Salesianos festexan o patrón con festivais para construír alí fogares. As microempresarias de Lima na Mostra "Préstamos para Soñar" ,no MIHL, arrequece o Nadal ata o día 3.

4

A cociña da avoa abre o Ano da **AGRICULTURA FAMILIAR** a prol da seguridade alimentaria. En Latinoamérica son o 80% de explotacións e 70% do emprego. A ecolóxica medrou un 3,8% no 2012 (491 produtores e 116 elaboradores e comerciais): leite e derivados, pensos, alimentación animal e conservas de peixe.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

No Ano da **FAMILIA** lóitase para que orfos ou nen@s cunha familia que non pode axudalos -35.000 no estado-, vivan cunha de adopción ou acollida. Así evítase estare internos nun centro, coma 15.000 deles, porque o sentimento de pertencer a unha familia arrequeceos, mesmo compartindo a biolóxica e a de acollida.

6

O 7, a Fundación Castelao celebra **VOCES** no Panteón de Galegos Ilustres de Bonaval no seu LXIV cabodano. Ha ser coa palabra de Lorenzo Varela e a música da Quenlla: "O home que leva a patria enteira na memoria". Coincide no centenario do nacemento do seu único fillo, e de Avelino Pousa Antelo, o presidente anterior.

7

Somos menos no ano novo do reloxo de sol de Melón. En 10 anos perdemos 129.000 habitantes, un 5%, tantos coma **VECÍÑOS** de Ourense. Só medran as cidades-dormitorio de ámbito suburbanos, con casas máis baratas: Narón gaña 2000, mentres As Pontes perde un 10% e Santa Comba un 6,7%.

8

MARÍN remata o ano lembrando, no paseo do seu nome, o alcalde Antonio Blanco e 5 veciños fusilados no 1936. Vagalume de Tabeirós colga o diario dixital Memorias dun proscrito, de Manuel Coto. Conta a fuxida de Hixinio Carracedo, nos 75 anos do asasinato polos fascistas. www.tabeirosmontes.com. Na foto, a presentación da bandeira republicana en Marín.

Editorial Auxe e caída de NCG

Ven da páxina 3



deter aquela sangría, e que moitos deles sigan aínda hoxe pilotando os nosos aforros, deprime.

Da mesma forma que desde a Administración Pública seguimos sen saber que facer para levantar este país, salvo dicir que non se gastará demasiado, desde o eido financeiro tampouco deixamos agromar os sectores que poden converter o capital humano galego (a nosa xente) nalgo máis que unha anécdota entrañable que se nos anuncie con encanto.

Nos dous últimos anos, todas as entidades galegas foron vendidas a capital foráneo. En 2011, o Banco Popular faise co Banco Pastor, en 2012, Banesco co Banco Etxeverría, en 2013 o Banco Sabadell co Banco Gallego e agora culmínase a operación de alleamento financeiro. Caixa Rural segue existindo si, pero sen o peso específico que poderían ter algunha das entidades antes descritas.

Dous millóns de clientes e tradicionalmente cun 40% do mercado bancario non foron suficiente razón para revertir en entidade pública unha caixa de aforros que foi arruinada polos adalides do libre mercado financeiro. Se algo demostrou esta crise é que os mercados financeiros nin axudan ao reparto da riqueza (xa o sabiamos) nin son eficientes na súa procura.

Fagámonos á idea: NG banco xa non é galego, mesmo hai quen o quere rebautizar, mudando o apelido. De todas formas, estratexicamente, a marca Galicia nunca desaparecerá do seu nome, pero hai moitos anos que desapareceu do seu ideario.

A partir deste momento, teremos que comezar a pensar máis no que lle ofrecen aos nosos aforros en clave de país, non en clave de xuros.

- ☎ 27891 CERYO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com
- ☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com
- ☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com
- ☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com
- ☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com
- ☎ Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com



- ☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28
- ☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com
- ☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es
- ☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com
- ☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18
- ☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com
- ☎ Conde de Fenosa, 39
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86
- ☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com
- ☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@astrada.com



O peto común Se pan de millo vas merendar...

Josecho de la Torre

Un novo disco-libro chega nesta recta final de ano. Piollos, pulgas, piratas, espantallos, cancións. "Aos vellos que coidan dos nenos e aos nenos que coidan dos vellos", advírtenos. Este disco de Migallas, da man da editora Kalandraka vén fornecernos coas frangullas que os avós deixaron para netos, bisnetos e xeracións vindeiras. E que ben feito está, e que necesario. Un bo antídoto para que os novos, e quizais non tan novos, saiban que os alimentos non medran no supermercado; unha boa receita para revivir o *modus vivendi* dos que sementaron cultura en terra, moeron nos muíños e comeron do seu. Á canción de *Pan de Millo* así chamado o traballo, engádeselle máis dunha ducia de temas que nos ensinan, nos lembran e nos entenrecen. Simultaneamente a este disco, renace a revista *Luzes*, baixo a dirección de Manuel Rivas e de Xosé Manuel Pereiro. Entre as 130 páxinas do primeiro número, emocioname un artigo de María Yáñez "Eu vivín Cantareliña", outro milagre que naceu hai 30 anos e que dende 1983 ata 1990 encheu Galicia dunha verdadeira xeración de nenos cantores. Cantareliña foi un certame no que cativos e adultos compoñían as súas cancións para defendelas diante dun xurado. Había semifinais e finais, e de aí saían gañadores. Eu tamén tiven a sorte de ser un neno Cantareliña, como tamén o foron a poeta María do Cebreiro, o irmán Abe Rábade e a actriz Cristina Castaño. Estes certames, retransmitidos en directo por Radio Nacional e a Radio Galega, coa gravación e posterior emisión da TVG, celebráronse durante eses anos no pazo da Marquesa de San Sadurniño, na comarca de Ferrol. Ramón Díaz, párroco naquela época de San Sadurniño, impulsou o grupo Saraibas para levar adiante este certame influído pola súa etapa en Roma, onde coñeceu o concurso Zecchino D'Oro da RAI, que aínda hoxe continúa. E que queda de Cantareliña? Pois máis de 200 temas gravados que, grazas a moitos mestres, directores de corais e pais, seguen traballándose nalgunhas escolas, agrupacións e casas. Oxalá que iniciativas como Cantareliña continúen sendo "pan de millo" para todos aqueles que viven a nosa Cultura.



"Se pan de millo vas merendar, mira o traballo que hai detrás" (*Pan de millo*)

"Mentres canten os meniños, Galiza será inmorrente" (lema do festival Cantareliña)

O CARRABOXO por ROBERTO



Horizonte Universal

Tareixa Ledo Regal

Con este texto, Tareixa Ledo deu a benvida a todas as participantes á IV Asemblea de Redes Cristiás, que tivo lugar en Santiago de Compostela o pasado mes de decembro. Un auténtico canto ao compromiso e á rebeldía, camiño para o estado de felicidade permanente.



Hoxe traio para vós dúas accións de rebeldía (hai unha rebelión dentro de min: o meu corpo está vivo!)... Espero estar á vosa altura. Eu son tan só unha aprendiz niso da rebeldía, e quero aproveitar calquera ocasión para aprender!

Vou falarvos en galego, compañeiras. Esta vai ser a miña primeira acción de rebeldía para vós. Quero romper o discurso dominante e falar ben alto a fala da periferia.

De seguro que ao escoitar o son antigo da miña fala ides comprender algo mellor a miña terra. Se cadra tamén comprenderedes algo máis de vós e das vosas orixes nativas, indíxenas... Somos terra!

É un regalo para vós e trémeme o corazón. Aquí, diante de vós, agora mesmo, estou a mudar a realidade monolítica do centralismo... Provocando rebeldías...

Queremos mudar realidades e provocar rebeldías... Con Xesús de Nazaret

A miña segunda acción de rebeldía hoxe é falar en feminino. Busco contribuir á visibilización das mulleres, á nosa visibilización. E traballar tamén pola vosa dignificación, compañeiros homes. Quero romper o discurso masculino, dominante durante séculos; e rachar as relacións de poder que xeran dominio e submisión.

Este é o outro regalo que traio para vós e, de novo, o corazón tremendo, latindo con máis forza. Decatádevos? Estou a mudar a realidade, provocando rebeldías, ao meu xeito...

Si, con Xesús de Nazaret. Mudando realidades. Provocando rebeldías. Saírmos do socialmente correcto, do eclesialmente aceptable. Sacarmos este traxe de nena boa e obediente que me afoga. Coséronmo na casa, coséronmo na escola, na catequese, no traballo, na parroquia, no partido... Ando con mil puntadas, cun traxe estreito e dóeme todo o corpo.

Basta xa! Quero espirme, andar núa. Amosar con descaro o meu corpo cheo de feridas ancestrais; como as

É tempo de crise no planeta e o Espírito chama, persistente.

Femen que entraron provocando no Congreso, para escándalo de mentes puritanas.

Ando a converterme en serpe para botar do Edén ao Deus-patrón que crearon os cregos de todos os tempos. Rebeldía. Mudando crenzas, mudando símbolos e ritos, mudando mitos... Hoxe, moi especialmente nestes momentos que dan en chamar "de crise"; é tempo de compromiso. É tempo de

compromiso coa terra e coa vida na terra.

Mais os monstros asoman. Os fundamentalismos da dereita máis rancia, os ditados dos mercados e do Fondo Monetario Internacional, a Constitución inamovible que agora se moveu, o emporcamento do planeta: todos monstros ferozes e sanguinarios.

A miña indiferenza tamén é un monstro. O meu silencio cómplice. O meu individualismo cómodo, o meu illamento.

É tempo de compromiso para defender os nosos servizos públicos, eses que tantos séculos de loita custaron. O público é de todas nós.

É tempo de compromiso para defender os nosos dereitos laborais. Mariano, Mariano, para quen lexislaches unha reforma laboral de tal calibre?

Para o capital, todo vale. Todo se transxeniza: as sementes, os cerebros, a vida. Todo se consume e se incorpora á lóxica da mercantilización. Todo se compra e todo se vende. Lei capitalista. A selva.

Nunca máis armas, especulacións, mercados e capitais financeiros marcando pauta e prioridades! A diferenza entre consumir e vivir é a consciencia.

Eu quero vida digna para todas. Quero pan para todas. Casa para todas (unha casa sen xerarcas nin patróns, sen xefes da casa). Una casa de liberdade, como apunta Letty Russell.

É tempo de compromiso para defender os nosos dereitos sociais. O dereito ao matrimonio homosexual: queremos amar e construírmos vínculos familiares en liberdade. Abonda de prohibicións!

É tempo de compromiso para defender o dereito a un aborto público que non leve ás máis empobrecidas a morrer en pésimas condicións e ás

máis adiñeiradas a viaxar de novo a Londres.

As mulleres defendemos os nosos dereitos sexuais e reprodutivos; reivindicamos que o noso corpo é noso. E que tamén é nosa a nosa vida! Queremos decidir!

É tempo de compromiso para defender o dereito á palabra en liberdade. Censura na radio e na televisión públicas. E a policía pechando Canal Nou, coma nos peores tempos do franquismo...

O pensamento único afoga orixinalidades, mata a creatividade e volve monolítica a diversidade de visións. Os dogmas inamovibles e os dogmatismos son perigosos. As católicas sabemos diso. A xerarquía eclesial querendo acalar unha e outra vez os discursos disonantes, pretendendo volverse referente único de moralidade no pensar e no vivir. Irmán Francisco, sopran novos aires?

Non quero aprender discursos feitos. Tampouco atendo a consignas. Non quero que me digan onde está a verdade nin que me adoutrinen. Non sosteño obediencias pasivas. Asístanme os discursos únicos. Quero pensar en liberdade. Ter dereito á diverxencia. Ter dereito á discrepancia e á disidencia. Precisamos descolonizar as nosas mentes e liberarnos do capitalismo. Non actuar de maneira imperialista nin na rúa, nin na casa, nin na cama.

Para ir atinando en alternativas ao modelo neoliberal, necesitamos perder o medo ao diferente e aos diferentes. Eu aposto polo pensamento que xorde das marxes, polo discurso de quen está fóra. Pensamentos plurais e multiformes. Discursos alternativos. Quero crear o colectivo desde a diversidade de perspectivas. Son filla do arco da vella e reivindico a quen me orixinou.

Si, cada unha liderando a propia vida! Eu aposto por liderados cálidos que crean redes e *suman*. Aposto polos li-



derados entrañables, Grazas Marcela Lagarde! E tamén aposto por unha nova militancia. Como Gioconda Belli na súa última novela, quero instituír un novo xeito de facer política: construír o espazo público desde o pracer.

Si, reivindico o erotismo. O erotismo na cama. O erotismo nas relacións. O erotismo na política, na sociedade e na igrexa. Grazas Kate Millet por descubriros que o persoal é político! Aposto polo erotismo, porque Eros quere dicir Pracer, quere dicir Vida. Quere dicir Pracer de Vivir. E eu estou empeñada na vida. Na miña e na de todos os seres. Na vida do planeta.

Afectos. Construír organizacións desde a tenrura, facer política desde as entrañas. A organización colectiva, a autoorganización: a indignación do 15 M, as loitas contra os desafiuzamentos, a mobilización da xente afectada polas preferentes...

É tempo de compromiso e non quero deixar a ninguén atrás. O neoliberalismo vai deixando vítimas polo camiño. Precisamos buscar un novo ritmo. Un ritmo que permita a todas e cada unha ter o seu sitio. Porque non avanzamos se non estamos todas!

E tamén precisamos buscar un novo centro: a Vida. Xa non quero un papá-Estado, señorías (señores da es-

querda e da dereita). Non, tempos pasados! Quero unha mamá-Estado, unha irmá-Estado que incorpore ao centro do seu proxecto político o cariño e o coidado, a ansia pola xente. Tamén no goberno da igrexa.

A era das patrias deixa paso á era das matrias. Este é o soño que me move. A utopía que me inspira e me mobiliza. O ventre da nai é redondo. Eu aposto polo círculo; non me gustan as cuadraturas. O círculo é onde cada quen ten lugar e palabra en igualdade. Debuxar círculos, tecer redes, construír futuro, rir a gargalladas, xantar en comunidade, coidarnos colectivamente...

Vivir iso e articulalo socialmente e eclesialmente é un atrevemento. É un acto de ousadía. É vello como as nosas avoas e é novo como iso novo que soñamos para despois facelo realidade.

Je déclare l'état de bonheur permanent, cantaba Moustaki nos anos 70... Si, declaro a felicidade (sermos felices!!!) como novo dinamismo estrutural: social, económico, político, relixioso.

A felicidade como novo dinamismo relacional, como novo dinamismo espiritual para as nosas vidas. Como novo dinamismo no adentro e no afóra.

Boa Nova



O ECO

2014 é o ano. É o bo momento. O pasado é historia, o futuro un proxecto, o presente é un agasallo. Temos que gozar deste ano, porque vai ser único, non imos ter outra oportunidade de vivilo. Estamos inmersos nunha viaxe, que é o seguimento de Xesús. Unha viaxe, que como ben explicaba Henri J. M. Nouwen, busca atopar ao Cristo que habita dentro de nós, mais que tamén habita no mundo. Unha viaxe interior, que exige soidade, silencio, oración, etc.; e unha viaxe exterior que nos embarca nos camiños da compaixón, do testemuño, do servizo social, da responsabilidade ante os demais, especialmente ante os que máis sofren. Dúas viaxes diferentes mais que deben ser complementarias. Tal como fixo Xesús. E para gozala cada minuto necesitaremos sentir que cada un de nós somos "os fillos benqueridos". Moitas veces nós mesmos somos os nosos máis peores críticos. Mais se non nos queremos, que non é egoísmo, senón aceptarse humildemente coas nosas moitas limitacións e eivas, non poderemos facer presente o amor de Deus cos demais. Onde hai amor hai esperanza. Gozoso 2014!

J.A. Martínez

A PALABRA

DOMINGO 12 DE XANEIRO. FESTA DO BAPTISMO DO SEÑOR

A PALABRA. Mt 3, 13-17

Naquel tempo apareceu Xesús, que viña desde Galilea ao Xordán, para que Xoán o bautizase. Xoán tratába de impedilo dicindo: "Como vés ti onda min, se es ti quen me tes que bautizar a min?". Xesús respondeulle: "Deixa agora, pois convén que cumpramos a vontade de Deus". Xoán accedeu. Tan pronto como foi bautizado, Xesús saíu da auga. E velaí que se abriron os ceos, e viu o Espírito de Deus baixar como unha pomba até se pousar enriba del. E oíuse desde o ceo unha voz que dicía: "Este é o meu fillo benquerido, o predilecto".

A CLAVE

Este é o meu fillo benquerido

Hoxe temos para comentar a versión de Mateo do bautismo de Xesús. Os tres evanxeos sinópticos fan un breve relato deste acontecemento con pequenos matices persoais que mostran a súa propia orientación teolóxica e literaria.

Mateo é o que ten a narración mais longa, introducindo ao comezo unha pequena conversa entre Xesús e Xoán, que vén mostrar a prioridade do mestre fronte ao Bautista e a dar a razón pola que Xesús quixo ser bautizado por Xoán, pero sen situalo coma discípulo seu.

Como mostra a actividade xoánica, o bautismo, xa existía antes do cristianismo, era un rito de incorporación a un grupo e a adhesión os seus ideais. O feito de que Xesús fora bautizado polo Bautista puña certos interrogantes cara á definición da identidade do nazareno, e polo tanto, era importante situar axeitadamente este feito na vida do mestre.

Para Mateo este acontecemento estaba determinado polo cumprimento da vontade de Deus (Mt 3, 15). O proceso de discernimento da misión do mestre pasaba polo encontro coa mensaxe do Bautista, coa radicalidade da súa denuncia (Mt 2, 7-10) e a verdade da súa profecía (Mt 2, 11-12). Só dende aí podía dar un paso mais cara ao seu propio anuncio do Reino de Deus.

O relato do bautismo mostrará a auténtica identidade de Xesús, el é o verdadeiro Mesías o que xa Isaías anunciara (Is 42, 1), o que recibe o Espírito coma mensaxeiro (Mt 3, 16) e sobre todo quen é chamado fillo benquerido de Deus (Mt 3,17). Toda a teofanía do relato está orientada a mostrar como el, enraizado no máis auténtico da tradición de Israel inaugura un novo tempo, enchido da autoridade que o mesmo Deus lle outorga.

Carme Soto



“Desde 1981 a 2010 os estudos sobre Prisciliano están a interesar, mais nunha dirección diferente a que provocara o galeguismo da xeración Nós. Tal xeración aceptaba a Prisciliano como herético e como unha das raíces do diferencialismo galego. A actual reivindica a ortodoxia substancial de Prisciliano, ve nel ‘un mito fundacional’.”
(Francisco Carballo).

Prisciliano e o priscilianismo é un dos temas máis apaixonantes da historia galega, hispana e europea. Segue hoxe interesando por diversos motivos: históricos, relixiosos e políticos. Particularmente na Galiza; porque a figura de Prisciliano segue a constituír todo un referente espiritual, histórico e social para as galegas e galegos do século XXI; o seu pensamento e doutrina enraizaron con forza na nosa comunidade, o que explica que hoxe siga a espertar interese. Xa no ano 2000, Xosé Chao Rego publicou o seu *Prisciliano. Profeta contra o poder*, retomando desde unha renovada perspectiva a figura do líder galaico executado en Tréveris. O libro de Chao abría un camiño.

O tema resulta atractivo por ser Prisciliano un rebelde relixioso e social que acadou un gran seguimento en vida en todos os estamentos sociais e, máis aínda, de morto. E tamén polo feito de morrer coma mártir da intolerancia política e relixiosa, ou polas historias escuras que circulan sobre o priscilianismo (druidismo, maxia, heterodoxia...).

Victorino Pérez publicou hai tres anos o ensaio *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario* (Galaxia 2010), que a profesora Dolores Vilavedra cualificou como “antídoto ideal para contrarrestar a sobredose apostólica” do Xacobeo. Tivo unha boa acollida na sociedade galega, dúas edicións en dous anos e, en breve, unha versión portuguesa co eco de Prisciliano na cultura do país irmán. Xosé Neira Vilas comentou: “Está todo: o alcance das ideas do profeta; a súa obra de teólogo e herexe rehabilitado; o mito; o movemento social contra do poder; o que significou nas orixes da cultura galega; os enfrontamentos entre priscilianistas e antipriscilianistas; a dicotomía Santiago/Prisciliano” (*El Correo gallego*).

En 2012, Victorino publica un novo volume: *Prisciliano e o priscilianismo. Da condena á rehabilitación* (Editorial Biblos, 2012). Nel, especialistas no tema achegan as últimas investigacións. Victorino introduce o que hoxe sabemos de Prisciliano; a profesora de dereito da UDV, M^a José Bravo Bosch, fai unha análise xurídica do proceso de Tréveris; o profesor Andrés Olivares Guillem percorre o priscilianismo na Idade Media; o seu eco en Portugal, achégase da man do profesor Ricardo Ventura; e M^a Pilar García Negro, ex deputada e profesora da UDC, estuda o tema de Prisciliano e as mulleres.

Segundo o crítico Francisco Martínez Bouzas, o libro representa “A vinganza de Prisciliano” (*Novenoites*. Caderno de lecturas e críticas). Cita palabras de M^a Pilar García Negro no libro, cando analiza a reutilización do mártir galego coma unha historia máis “á galega” (“onde poderes eclesiásticos e poderes civís actúan de mans dadas para cadraren a súa represión nas mesmas vítimas”); a “vinganza” de Prisciliano consúmase, para a profesora e escritora, con Rosalía de Castro, que o revive e resucita.

Prisciliano, pode ser unha boa compañía e unha lectura interesante para estas datas.



A UNED (Universidade de Educación a Distancia) abriu unha vía pioneira na educación para maiores de 55 anos. Luís Rodríguez Patiño, o seu coordinador, explícanos en que consiste.

Téntase facer que os maiores teñan cada vez máis protagonismo e participación no seu ámbito e comunidade.

Bo día, Luís. Por que non comezas por contarnos que é iso da UNED Sénior?

Bo día. A característica máis peculiar do programa UNED Senior é que non se desenvolve nin no Centro Asociado da Coruña nin na Aula Universitaria de Ferrol. A diferenza do que acontece cos programas Sénior doutras universidades ou doutros centros asociados da UNED, pretendeuse achegar este programa universitario aos maiores do ámbito rural. O que pretendemos é ofrecer unha modalidade de formación continua sobre todas as temáticas, intereses, necesidades e preocupacións dos maiores co fin de mellorar a súa calidade de vida.

Entón o alumnado non é principalmente urbana...!

Non, actualmente o ámbito de influencia da UNED Sénior do Centro Asociado da Coruña abrangue os municipios de Aranga, Guitiriz, Irixoa, Monfero, Paderne, Xermade e, para rematar, Rianxo, municipio no que comezamos a impartir as clases neste curso 2013-2014.

As persoas que acoden a nós son maiores de 55 anos destas áreas de influencia. Asisten con independencia

da formación académica que posúan, sempre que se amosen interesadas por enriquecer o seus coñecementos. Na práctica, o perfil medio de alumno no programa supera os 70 anos e pertence a un ámbito rural moi disperso.

Pero non só dades clases, teño entendido que organizastes algo así como un consello de sabios...

Non! En realidade foi ao revés: o Consello de Anciáns de Xestoso-Cambás, que é como lle chamamos, é

o primeiro legalmente constituído en Galicia e pioneiro en España. Naceu con vocación de órgano asesor para políticos, educadores e xente nova en xeral, prestando a súa bagaxe de coñecementos e a súa experiencia a unha sociedade que infrutiliza a experiencia e o potencial da 3ª idade.

Leva máis de 8 anos de vida, e xa conta con 175 membros de diferentes parroquias e municipios. E máis de 150 persoas, sen estaren afiliadas, seguen asiduamente o seus programas de actividades.

Unha das últimas iniciativas do Consello de Anciáns pasaba por buscar a implicación da Universidade co ámbito rural, buscando o establecemento de liñas de colaboración con Universidades e, mesmo, intentando a creación dunha “universidade rural”. Finalmente, a UNED foi a universidade que se prestou a abrir canles de cooperación co Consello de Anciáns para a dinamización do medio rural. Axudou moito a que o proxecto callase a experiencia previa de colaboración entre o Consello de Anciáns de Xestoso e a Asociación de Mulleres Rurais de Xestoso co Centro Asociado da UNED da Coruña para a realización dun curso de coidadores de anciáns que viña desenvolvéndose con certo éxito

Cando comezastes, supoño que vos atopariades con algún problema, habería que superar algún medo. Contanos como foi.

Os temores fundamentais eran dous: o primeiro, non conseguir a resposta pretendida por parte dos potenciais alumnos/as, tendo en conta o innovador da experiencia e dos posibles prexuízos (“son demasiado vello”, “non teño estudos previos”, “non vou entender nada”, “eu non vallo para isto”...). O segundo, non conseguir un apoio institucional que permitise dar publicidade, dinamizar e soste economicamente a iniciativa.

As reticencias superáronse ofrecendo unha oferta formativa moi adaptada aos intereses e vivencias do alumnado, cunha minuciosa busca de profesorado co perfil axeitado e mediante unha diversificación de sedes que permitiu achegar a oferta educativa aos alumnos/as, habitantes de áreas xeograficamente moi dispersas.

Supoño que o teu labor de dinamización algo tería tamén que ver co éxito...

Home, supoño que algo tamén... O éxito sempre é unha combinación de varios factores, así que tamén hai que salienta a resposta -abafadora- dos alumnos e a implicación institucional, especialmente dos concellos da zona; tamén a selección de materias e profesorado adaptadas ás características e intereses dos alumnos/as.

E agora que xa está en marcha, onde vos di a experiencia que están as principais dificultades?

Os problemas fundamentais son debidos ás instalacións (inaccesibilidade a Internet nas aulas, espazos limitados...) e á necesidade de dispoñer dunha dotación económica estable, que garanta a viabilidade e consolidación futura do proxecto.

Supoño que moitos dos receptores do programa serán xente que, fóra dalgún que outro achaque lóxico, aínda se encontran en boas condicións tanto físicas como mentais. O que non sei é se o proxecto mira tamén pola calidade de vida das persoas con discapacidades ou das familias coidadoras...

Desde logo, e vese pola selección das materias, moitas delas (prevención da deterioración cognitiva, prevención da saúde) inciden directamente sobre saúde e benestar dos maiores e das persoas ao seu coidado (non esquezamos que no medio rural galego é frecuente que os maiores coiden, á súa vez, dos seus maiores). Outras (dereitos do maior, sucesións, cambio



climático, servizos de benestar social) oriéntanse a mellorar as súas condicións de vida ou a tratar temas que os afectan directamente, ofrecéndolles unha información valiosa para a súa vida cotiá. Ademais, termos un foco de dinamización cultural e un punto de encontro social, en zonas de poboación moi diseminada, non é un aspecto menor.

A maiores da apertura de novos camiños que supón termos á UNED traballando no campo da intervención social cos vellos do rural, hai algún outro aspecto que che interese salienta do proxecto?

En si mesma esa é xa unha innovación importante, pero hai outra, de enfoque, que non o é menos: non se busca só mellorar a calidade de vida dos maiores, a súa sociabilidade e a súa formación; tamén se intenta crear vínculos e conciencia entre eles e aproveitar o seu caudal de coñecementos en beneficio das súas comunidades. Téntase facer que os maiores

teñan cada vez máis protagonismo e participación no seu ámbito e comunidade. Por último, outra innovación é a énfase posta nas sinerxias entre actuacións desenvolvidas por diversas institucións: que o programa se sirva, pero á súa vez tamén alimente iniciativas desenvolvidas dende os concellos ou outras institucións da zona. Por exemplo, a materia de cambio climático cursada en Guitiriz propiciou e alimentou a formulación e o éxito de iniciativas como o apadriñamento de tramos de río polos veciños.

Por último, pensas que a experiencia é exportable?

Si, sempre que exista un interese e unha implicación claras por parte dos consellos de maiores e as institucións desoutras zonas. O modelo está estandarizado, polo que permite a súa doada reprodución, pero á vez está formulado dun modo flexible, para adaptarse ás circunstancias e características doutras zonas.

Para máis información:

- Luis A. Rodríguez Patiño. Coordinador da UNED - Sénior.
- A Graña, 1. Alto de Xestoso. 15315 Monfero (A Coruña)
- 609 85 21 25; 981 14 59 60
- unedsenior.xestoso@hotmail.com
- <http://www.xestoso.es>
- <http://seniorunedacoruna.blogspot.com.es/>

O noso taboleiro

FESTA DO LUME 2014 E ASEMBLEA ANUAL DE IRIMIA

(Mosteiro de Bergondo, sábado 1 de febreiro de 2014)

CONTRA A CRISE, AUTOXESTIÓN

O pasado ano, tamén en Bergondo, reflexionamos da man de Josep Manel Busqueta (do Seminari de economía crítica Tai-fa, <http://seminaritaifa.org/>) sobre como **outra economía debía ser posible**. Porque a actual, a que temos, a que nos presentan como **inevitable**, cada vez máis, socialmente **inviable**. “Fixeron que o impresentable pareza inevitable”. E vai funcionando, pero só funciona realmente ben, para uns poucos, cada vez “menos poucos”.

En varios anos da chamada crise, transferíronse miles e miles de millóns de euros do sector público, do peto común dos contribuíntes, ao sector privado, principalmente ao financeiro. O prezo foi un **recorte brutal** nas políticas públicas, que xa malamente aseguraban unha **igualdade básica** e un tímido estado de **benestar social**.

A denuncia e a protesta están sobradamente xustificadas. Pero cómpre tamén actuar, propoñer alternativas pequenas, para debuxar unha gran Alternativa. Por iso, este ano organizamos unha **Mesa de debate e experiencias**, diversas iniciativas en diferentes ámbitos para construír alternativas autoxestionadas en contra de crise. Contamos con:

Unha experiencia de organización cooperativa de mulleres na montaña de Lugo (Ancares de meu)

Unha oficina de dereitos sociais no barrio dunha cidade (Coia-Vigo)

Unha plataforma de distribución de alimentos de produtores de proximidade na Coruña (Zoca Miño)

Unha representación dos movementos sociais (Plataforma antidesfuzamentos)

Un representante da nova Banca Ética (Fiare)

O PLAN PARA A XORNADA DO 1 DE FEBREIRO

10,00.- Acollida


10,30.- **Asemblea Anual** da Asociación Irimia

11,45.- Pausa

12,15.- Mesa de debate e experiencias:
Contra a crise autoxestión

14,30.- Xantar compartido

16,00.- Eucaristía



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Utopía

A mesa de redacción
deséxavos un feliz 2014



A xustiza e a paz bícanse
[Sal 84, 11]

Falando da lingua Marabilloso 2014!

Lidia e Valentina



Rudolph ten un fociño vermello coma o solpor que cando é de noite serve a todos de iluminación. Todos os outros renos métense sempre con el

Resulta estraño escoitar un grupo de nenos e nenas de Galicia a cantarlle a Rudolph, un reno do Papá Noël, pero, aínda que nós non nos criásemos con el, este é agora un personaxe uni-

versal e a nosa lingua é quen de ser testemuña tamén da súa existencia. Mais non queremos que tape e non deixe emerxer o personaxe oriúndo das montañas galegas do Caurel, o Apalpador. Claro que, sen a publicidade que se lle fai ao Papá Noel, ou á súa versión americana, o Santa Klaus, ten menos posibilidades de ser coñecido. Mais o Apalpador é noso e ten cantigas que naceron en galego e que son tradición alá de onde el é e vive habitualmente. Ademais de agasallos, deixáballes castañas aos nenos e nenas o día 24 pola noite, despois de apalparlles as barriguiñas a ver se cearan ben, tal e como recollen as cantigas:

Mañá é día de cachela e haberá gran nevarada e ha vir o Apalpador cunha mega de castañas.

Vaite agora meu meniño vaite agora para a camiña que ha de vir o Apalpador apalparche a barriguiña.

Xa chegou o día grande
Día de noso señor
Xa chegou o día grande
e ha de vir o Apalpador
Por aquela cemba¹
xa vén relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo

Con todos estes personaxes e esperando polos Reis, xa estamos totalmente impregnadas no Nadal, e nun inverno que chegou de cheo, con temperaturas extremas, chuvia bastante, vento, temporal (ou cicloxénese...). Decía Delia da Fonte, entre calafrío e calafrío, a bater os dentes fóra da porta, “*Arrea, hoxe nace un escribano...!*” Seica lles escoitaba esta expresión aos seus vellos cando ía un frío que non se paraba no mundo... Iso, antes do cambio climático... Se cadra, agora nacen dous! Feliz 2014!

¹ Cemba: elevación do terro que bordea un río, camiño; talude.

O Fachineiro das imaxes

Memorias de África

Hai circunstancias que poden converterse na imaxe dun país. Como unha das nosas, neste momento, non estaría mal escoller a de Caixa Galicia vendendo preferentes a bebés de catro meses; a do esquizofrénico -xulgado por asasinato- que simulaba con xestos sincopados a linguaxe de xordos a carón de Obama pode ser a de todo un continente. Nestes tempos poucos lembran que a gota que colmou o vaso do apartheid en Soweto foi o feito de as autoridades racistas obrigaren os negros a empregar o afrikaans -a lingua dos brancos- ao 50% no ensino, xunto co inglés. Despois a policía entrou como mossos d’esquadra naquel barrio, primeiro enviando os cans de presa contra os escolares e logo, máis doado, disparando as armas de fogo. A cousa



acabou coa vida de centos de rapaces e arredor de mil feridos. Eran os tempos en que defender a Mandela estaba mal visto; anos nos que era considerado un terrorista, pero, ollo, non só en Suráfrica, senón na respectable Alemaña, que facía, entremetres, interesantes negocios co réxime racista. Agora, un pouco máis arriba, Isabel dos Santos, a muller máis rica de África, filla do ditador de Angola, vai editar a revista Forbes en portugués para aquelas terras. Outro signo dos tempos. A Forbes non lle importa moito a procedencia deses cartos, por outra parte non máis ilexítimos ca os das fortunas que publica na edición inglesa. Caladiños, que ao mellor nuns anos hai que enterrala con honores.

A.Q.